

PROPOSTA DE BORRADOR DO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO POLOS QUE SE REXERÁ A MESA DE COORDINACIÓN PARA A MELLORA DA ATENCIÓN ÁS VÍCTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO. MESA LOCAL DE VIOLENCIA MACHISTA (MESA de VM).

En Pontevedra, o día vinteseis de abril de dous mil dez, reunidos os compoñentes da **Mesa de coordinación para a mellora da atención ás vítimas de violencia machista** formada por :

- ✓ O Alcalde, don Miguel Anxo Fernández Lores
- ✓ A/O Concelleira/o de Benestar Social, dona Margarita Castejón Garcia
- ✓ A/O Concelleira/o de Seguridade Cidadá, don Demetrio Gómez Xunqueira
- ✓ O/A Director/a xeral de Benestar Social, dona Carmen Santos Alfonso
- ✓ O/A Director/a xeral de Disciplina e Policía administrativa, don Manuel Torres
- ✓ A/O Xefe/a da Unidade contra a violencia sobre a Muller, como representante da Subdelegación do Goberno , dona Lucia Muradas Arcay
- ✓ Un representante dos Corpos de Seguridade do Estado.
- ✓ O/A Xefe/a da Policía Local ou persoa en quen delegue
- ✓ A psicóloga do CIM, que actuara como Secretaria.- Coordinadora da **Mesa de VM**, dona Rosa Campos Briones
- ✓ A avogada do CIM, Dona M^a Jesús Lago Barreiro.
- ✓ A Xefa de sección da Oficina Técnica de Benestar Social, dona M^a José Andión López.

ACORDAN: dar por constituída a **Mesa de coordinación para a mellora da atención ás vítimas de violencia machista (en adiante Mesa de VM)** cos membros sinalados anteriormente, procedendo a continuación a aprobar o REGULAMENTO polo que se rexerá a **Mesa de VM** que a continuación se transcribe:

ARTIGO PRIMEIRO.- ORIXE DA FORMACIÓN DA Mesa VM

Dende a Subdelegación do Goberno en Pontevedra avogase polo espírito da Coordinación, Cooperación e Colaboración entre os Corpos e Forzas de Seguridade tanto a nivel estatal coma local, co fin de optimizar recursos e mellorar a seguridade nos concellos da provincia. Este enfoque púxose en marcha a través das Xuntas Locais de Seguridade coa elaboración e desenrolo dos Plans Conxuntos de Seguridade en cada uns dos Concellos nos que está creada dita Xunta.

No eido da protección das vítimas de Violencia de xénero, foron moitos os avances logrados, tales como a creación dun rexistro único dos casos, coñecemento de tódalas ordenes existentes no

concello tanto pola GC/CNP como pola Policía Local, implicación dos gobernos locais na xestión de Servizos de Emerxencia etc....

ARTIGO SEGUNDO.- FUNDAMENTACIÓN

O artigo 14 da Constitución Española proclama o dereito a igualdade e a non discriminación por razón de sexo. Así mesmo no artigo 9.2 consagra a obriga dos poderes públicos de promover as condicións para que a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas.

No Estado español producíronse adiantos legislativos en materia de loita contra a violencia de xénero: a Lei orgánica 11/2003, do 29 de setembro de medidas concretas en materia de seguridade cidadá, violencia doméstica e integración social dos estranxeiros; a Lei orgánica 15/2003, do 25 de novembro, pola cal se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do código penal; ou a Lei 27/2003, do 31 de xullo, reguladora da orde de protección das vítimas da violencia doméstica, que estableceu un novidoso sistema de coordinación dos órganos xudiciais e administrativos, concentrando nunha única resolución xudicial a adopción de medidas de natureza civil e penal e a activación dos instrumentos de protección social destinados ao amparo e apoio das mulleres que sofren violencia de xénero.

A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, recoñece un feito diferencial de xénero, recollido no artigo 19 co título *“Dereito á asistencia social integral”*, que di : *“... as mulleres vítimas de violencia de xénero teñen dereito a servizos sociais de atención, de emerxencia, de apoio e acollemento e de recuperación integral. A organización destes servizos por parte de comunidades autónomas e das corporacións locais responderá aos principios de atención permanente, actuación urxente, especialización de prestacións e multidisciplinidade profesional”*

Polo que respecta á Comunidade Autónoma de Galicia, a Lei 7/2004, do 16 de xullo , galega para a igualdade de mulleres e homes, dedica os seus artigos 19 e 20 á regulación da violencia contra as mulleres, onde contéñense previsións xerais sobre as medidas precisas para a erradicación da violencia contra as mulleres, así como algunhas actuacións xudiciais en materia de violencia.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, ven de establecer medidas contundentes á coordinación e planificación dos recursos, establecendo a prevención como o pilar básico da acción administrativa nesta materia e que facilita un axeitado apoio á loita social contra a violencia de xénero.

ARTIGO TERCEIRO.- A PRAXIS.

O pleno recoñecemento da igualdade formal ante a lei, aínda que se ten dado pasos decisivos, ten resultado insuficiente. A violencia de xénero, con independencia do que dispoñan as leis, é evidente que a efectividade na protección e garantía dos dereitos das vítimas depende en gran medida, do desenvolvemento de instrumentos de colaboración e coordinación entre as diferentes administracións chamadas a intervir.

Para acadar unha atención integral ás vítimas de violencia de xénero, temos que engadir un elemento mais: a coordinación de todos os axentes implicados na detección, protección e atención as vítimas .

No proceso constante de socialización en que viven as persoas, ten moita importancia a sensibilización sobre a violencia de xénero como un elemento que provoca cambios de valores e actitudes no conxunto da sociedade. Neste mesmo senso, a formación dos profesionais que traballan directa ou indirectamente con mulleres que poidan estar en situación de risco, é fundamental para facer efectivos os protocolos de actuación para a prevención e loita contra a violencia de xénero.

ARTIGO CUARTO.- AS COMPETENCIAS DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

A administración local, en canto é a instancia mais próxima á cidadanía, e con competencias na materia, configúrase como o espacio privilexiado para a intervención con mulleres vítimas de violencia.

Nese ámbito competencial o Concello de Pontevedra ten en funcionamento recursos propios como pode ser o Centro de Información a Muller, os Plans de Igualdade desenvolvidos, as accións formativas específicas, etc.. , todo elo dende unha perspectiva integral e coordinada cos outros dispositivos municipais de intervención social (servizos sociais, educación, policía local, etc..)

Tal como se ten sinalado anteriormente, a abordaxe integral da problemática require a colaboración e integración de tódolos axentes potenciais que interveñen neste ámbito, xa non só dos correspondentes á administración local, senón que ademais, tense que impulsar un marco de actuación cos recursos doutras administracións, que permita optimizar e racionalizar os recursos, así como sumar esforzos para diminuír a incidencia da violencia de xénero e avanzar na súa erradicación.

ARTIGO QUINTO.- A XUNTA LOCAL DE SEGURIDADE

A Xunta Local de Seguridade do Concello de Pontevedra, na sesión celebrada o día 16 de decembro do ano 2009 acorda, por unanimidade, crear unha Mesa local de Violencia de xénero, segundo consta na Acta nº 24 da devandita sesión.

Esta Mesa pretenden ser unha base, sobre a que, a partires duns mínimos, se traballe de maneira continua a prol da consecución do avance na protección, atención, prevención, e sensibilización da problemática da violencia de xénero.

A Mesa de coordinación para a mellora da atención a vítimas de violencia de xénero do Concello de Pontevedra, emana e queda vinculada á Xunta Local de Seguridade.

ARTIGO SEXTO.- COMPOSICIÓN DA MESA VM

Todos os compoñentes da **Mesa VM** deberan asumir o compromiso real e a vontade firme de mellorar a coordinación entre as institucións que xestionan servizos para mulleres vítimas de violencia de xénero.

Inicialmente, os compoñentes da **Mesa de coordinación para a mellora da atención ás vítimas de violencia de xénero (Mesa VM)**, serán os seguintes:

- ✓ O Alcalde ou persoa en quen delegue
- ✓ A/O Concelleira/o de Benestar Social ou persoa en quen delegue
- ✓ A/O Concelleira/o de Seguridade Cidadá ou persoa en quen delegue
- ✓ O/A Director/a xeral de Benestar Social.
- ✓ O/A Director/a xeral de Disciplina e Policía administrativa
- ✓ A/O Xefe/a da Unidade contra a violencia sobre a Muller, como representante da Subdelegación do Goberno
- ✓ Un representante dos Corpos de Seguridade do Estado.
- ✓ O/A Xefe/a da Policía Local ou persoa en quen delegue
- ✓ A psicóloga do CIM
- ✓ A avogada do CIM
- ✓ A Xefa de sección da Oficina Técnica de Benestar Social

O/a alcalde/sa ostentará o cargo de Presidente/a, e actuará de Secretaria- Coordinadora a psicóloga do Centro de Información a Muller.

Non se trata dunhas mesas pechadas, senón que quedarían abertas a outras administracións, institucións e organizacións que, pola súa implicación no tema, sexa conveniente incluílas no seu día. Esta é pois, unha composición inicial que, con posterioridade, e sen prexuízo de que, unha vez que a **Mesa VM** estea constituída e se realicen algunhas sesións, nun futuro, se poidan estudar a conveniencia da inclusión de novos membros na súa composición, ou se propoña invitar a formar parte

da Mesa a outros representantes doutros organismos ou institucións, tales como dos Xulgados, da Sanidade, da Educación, etc., cando sexa necesario e así o estimen os membros da mesa.

ARTIGO SEPTIMO.- OBXECTIVOS DA MESA VM

Coa constitución da **Mesa VM** pretendese garantir, fomentar e desenvolver accións e fórmulas preventivas xunto a unha atención integral e de calidade para as vítimas. Trátase, en definitiva, de organizar a resposta ou solución que se presta ante as situacións identificadas como de violencia de xénero que se produzan no Concello de Pontevedra, para mellorar a calidade da resposta institucional ás mulleres vítimas.

Os obxectivos encomendados á **Mesa VM**, a lo menos, serían os seguintes :

1. Establecer criterios de coordinación e colaboración na protección das vítimas entre Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, Policía Locais, centros de Información a Muller, servizos sociais, etc.
2. Coordinar os recursos existentes no término municipal de Pontevedra e favorecer o seguimento individualizado das vítimas de violencia de xénero, coa fin de optimizar recursos e conseguir unha vixilancia e protección mais eficaz
3. Crear os protocolos e estratexias de intervención necesarios para desenvolver unha mesma liña de actuación entre todos os dispositivos existentes.
4. Detectar aqueles elementos que provocan disfuncións importantes na atencións ás vítimas de violencia de xénero.
5. Realizar propostas de actuación conxunta entre os servizo implicados para o logro dos obxectivos previstos.
6. Así como calquera outra que no funcionamento da **Mesa VM** se considere necesaria en aras da eficacia e eficiencia na prevención e loita contra a violencia de xénero.

ARTIGO OITAVO.- FUNCÍONS DA MESA DE VM

Para o cumprimento dos obxectivos sinalado no artigo anterior, a **Mesa VM** terá que desempeñar os seguintes cometidos:

1. Elaborar e aprobar o regulamento de funcionamento da **Mesa VM**
2. Analizar a realidade actual no Concello de Pontevedra: recursos existentes, nivel de intervencións, sistemas de recollida da información...

3. Detectar aqueles elementos que provocan disfuncións importantes na atención ás vítimas de violencia de xénero.
4. Analizar a incidencia da violencia de xénero no Concello de Pontevedra
5. Avaliar a efectividade das intervencións, e en especial, detectar aqueles casos que se detiveron no percorrido asistencial, así como as posibles causas, e elaborar estratexias para a continuidade da atención, ou o peche da mesma.
6. Fixar documentalmente a través dun mapa de utilización dos recursos, os criterios básicos de coordinación entre todas as institucións en aras dunha total eficacia na actuación conxunta.
7. Realizar propostas de actuación conxunta entre os servizos implicados para a consecución dos obxectivos.
8. Aprobar as propostas ou plans de actuación.
9. Realizar o seguimento dos acordos adoptados.
10. Dar conta dos acordos e actuacións da **Mesa VM** á Xunta Local de Seguridade.

ARTIGO NOVENO.- FUNCIONAMENTO DA MESA DE VM

O funcionamento da **Mesa VM** rexeráse polas seguintes **pautas básicas** :

- As reunións da Mesa serán convocadas polo Alcalde/sa ou en caso de delegación deste, polo Concelleiro/a de Benestar Social (o concellería que no seu día teña as competencias na materia).
- As sesións da **Mesa VM** deberían ter unha periodicidade cuatrimestral como mínimo .
- A **Mesa VM** poderase reunir de xeito extraordinario sempre que o solicite calquera das institucións ou organismos representados, mediante convocatoria do Alcalde/sa ou en caso de delegación deste, polo Concelleiro/a de Benestar Social (o concellería que no seu día teña as competencias na materia).
- De cada sesión, a Secretaria Coordinadora da **Mesa VM** , terá que levantar acta dos acordos adoptados.
- A Secretaría-coordinación da **Mesa VM** recaerá no persoal técnico do Centro de Información da Muller do Concello, previamente asignado polo seu responsable.

**DIRECTORA XERAL DE BENESTAR
SOCIAL E EDUCACIÓN**

- As actas remitiranse a Xunta Local de Seguridade, para por en coñecemento dos seus integrantes os acordos adoptados, así como as iniciativas propostas.
- Os acordos tomaranse por maioría simple dos compoñentes da mesa. En caso de empate, decidira o voto de calidade do/a Presidente/a.

ARTIGO DECIMO.- LUGAR DE REUNIÓN.

Establecese como lugar de reunión da **Mesa de coordinación para a mellora da atención ás vítimas de violencia machista**, a Sala de Xuntas do Concello de Pontevedra.

Pontevedra, 26 de abril de 2010